

XORNADA DE FORMACIÓN E DINAMIZACIÓN PARA A PREVENCIÓN DAS CONDUCTAS ADICTIVAS (CON E SEN SUSTANCIA) DENDE A COMUNIDADE

Resumo

Nais, pais e comunidade educativa vivimos nunha sociedade cargada de urxencias e responsabilidades na que as dificultades de educar ás nosas fillas e fillos mudan a gran velocidade. A globalización de Internet e as tecnoloxías, unido aos tradicionais problemas vencellados ao consumo de alcol e sustancias (na que a adolescencia iníciase cada vez máis cedo), fai que o noso papel sexa cada vez máis complicado. Ao botellón e o cannabis únese a constante aparición de novas sustancias, novos hábitos de consumo e novas prácticas, así como unha morea de conductas de risco na Rede (como as apostas en liña, o consumo intensivo de videoxogos, o sexting e a sextorsión, o contacto con persoas descoñecidas, ou mesmo o cyberbullying), que non só dan lugar a serios problemas de convivencia nas aulas e nas familias, senon que constitúen novas formas de adicción e mesmo de delito. No seminario que o vindeiro mes de febreiro terá lugar no auditorio municipal, persoas expertas de recoñecido prestixio, xunto a profesionais que están traballando na prevención das adiccións coas mozas e mozos da nosa contorna, compartirán con nós os seus coñecementos e inxerencias, reflexionando dende a evidencia científica e a experiencia diaria, sobre os grandes desafíos que temos que afrontar. A xornada pretende contribuír á mellora da formación profesional neste eido, actualizando coñecementos e habilidades, e asemade contribuír a dinamización do labor de prevención, reforzando o traballo en equipo. Alén dunha magnífica oportunidade para compartir opinións e experiencias, este seminario quere ser o arranque necesario dunha folla de ruta común, adaptada aos novos tempos e demandas sociais, que guíe eficazmente o traballo a desenvolver nos vindeiros anos.

Destinatarios

1. profesionais do PLDA e das diferentes asociacións e dispositivos que participan na prevención no Concello de Vigo e a súa área metropolitana, así como persoas voluntarias e colaboradoras
2. persoal docente, orientador e outro da comunidade educativa, mesmo nais e pais e persoal directivo de ANPAS
3. profesionais do eido da saúde, especialmente de atención primaria, pediatría e medicina familiar e comunitaria con interese no eido das adiccións.

Obxectivos

1. Sensibilizar a profesionais e comunidade educativa da nova dimensión que están adquirindo as adiccións entre a mocidade
2. Actualizar a súa formación en relación as novas conductas adictivas (nomeadamente as adiccións tecnolóxicas e a adicción ao xogo en adolescentes), así como as novas tendencias de consumo e as drogas emerxentes
3. Actualizar a súa formación en relación as novas estratexias e modelos de prevención
4. Dinamizar e cohesionar os equipos de prevención, favorecendo a optimización e mellora do labor preventivo
5. Promover a cultura da prevención comunitaria, creando sinerxias entre as institucións e os equipos de traballo

Duración: 8 horas (de 16:30h a 20:30h)

Data de realización: 13 e 14 de febreiro de 2019

Lugar de realización: auditorio do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n

Formato: Mixto, combinando: (1) conferencias de persoas expertas de referencia, e (2) mesas de traballo con técnicos/as e educadores/as que poidan compartir as súas propias experiencias e poñer enriba da mesa retos e solución, tentando fomentar así unha aprendizaxe co operativa.

PROGRAMA

Mércores 13 de febreiro

16:30h-16:45h -- APERTURA DO SEMINARIO

- D. Abel Caballero Álvarez (Alcalde do Concello de Vigo) / Dna. Isaura Abelairas Rodríguez (Concelleira de Política Social do Concello de Vigo)
- Dna. Consuelo Rivera Seoanes (Directora do CFR de Vigo)

16:45h-18:30h -- PONENCIAS

- **16:45h-17:45h. Adiccións tecnolóxicas e adolescentes ¿quen lle pon o “cascabel” ó gato?** Dr. Antonio Rial Boubeta (Profesor da Universidade de Santiago)
- **17:45h-18:30h. Adolescentes e apostas: a epidemia da nova década.** D. José Manuel Recouso (Psicólogo de AGALURE)

18:30-18:45h – PAUSA

18:45-19:15h -- Presentación do estudio “CONSUMO DE ALCOL, SUSTANCIAS E CONDUCTAS ADICTIVAS NA MOCIDADE VIGUESA”

19:15-20:30h COLOQUIO

Participantes:

- Marta Lloves Pequeño (Técnica prevención de la Asociación Érguete)
- María José Fontán Pérez-Rial (Técnica prevención de la Asociación Amaina)
- María Couñago Ricón (Técnica prevención de Aclad-Alborada)

Moderadora: Pilar Domínguez González (Psicóloga clínica, PLDA)

Xoves 14 de febreiro

16:30-18:30h -- PONENCIAS

- **16:30-17:30h. Drogas emerxentes e sumisión química: ¿mito ou realidade?** Dr. Manuel Isorna Folgar (Profesor da Universidade de Vigo e responsable da área de prevención do Concello de Catoira)
- **17:30-18:30h. ¿Como facer prevención? Do enfoque ambiental ao traballo nas aulas e nos fogares.** Dna. Belén Montesa Luou (Psicóloga experta en adiccións e prevención familiar)

18:30-18:45h -- PAUSA

18:45-20:15h -- COLOQUIO

Participantes:

- María Hermelo Iglesias (Orientadora do IES Castela)
- Manuela del Palacio García (Orientadora do IES San Tomé de Freixeiro)
- Olegaria Mosqueda Bueno (Orientadora do IES Santa Irene)

Moderadora: Maite Díaz López (Asesora do Centro de Formación e Recursos de Vigo)

20:15-20:30h – CLAUSURA DO SEMINARIO

- Francisco Otero Lamas. Director técnico do PLDA do Concello de Vigo
- D. Abel Caballero Álvarez (Alcalde do Concello de Vigo) / Dna. Isaura Abelairas Rodríguez (Concelleira de Política Social do Concello de Vigo)